

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
SILLEDA

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DE MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS

ANUNCIO

Aprobación definitiva de Modificación Ordenanzas Fiscais

O Pleno da Corporación celebrado o día 6 de Abril de 2018 aprobou provisionalmente a modificación das Ordenanzas seguintes:

1. Aprobación da denominada: Iniciativa “Concellos Doing Business Galicia” (Convenio FEGAMP-XUNTA DE GALICIA), cos conseguintes acordos:

- 1.1. Modificación da Ordenanza Fiscal: Nº 1, Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles,
- 1.2. Da Nº 3, Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas
- 1.3. Da Nº 4, Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras

2. APROBACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO PROGRAMA LÚDICO EDUCATIVO DE CENTROS DE ENSINO FÓRA DO HORARIO LECTIVO.

Despois da exposición pública durante trinta días, BOP nº 74 de 17 de abril de 2018, sen que se presentaran reclamacións, elévase a definitiva e se publica o texto íntegro, de acordo co disposto no RDL 2/2004, TRLRFL.

1. Aprobación da denominada: Iniciativa “Concellos Doing Business Galicia” (Convenio FEGAMP-XUNTA DE GALICIA), cos conseguintes acordos:

1.1.—MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 1, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI).

Engádesse un apartado quinto ao artigo 4 relativo ás “Bonificacións”:

“5. Establécese unha bonificación da cota íntegra do imposto a favor de inmóbles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Redundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como



a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego. As porcentaxes de bonificacións son as seguintes:

- Dun 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Dun 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Dun 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

As anteriores bonificacións manteranse durante tres exercicios orzamentarios e se concederán a petición do interesado, unha vez acredite que se cumpren as condicións requiridas para ser beneficiario das mesmas. As devanditas bonificacións quedarán sen efecto de non cumprirse as condicións por razón das cales se concederon as mesmas.

Considerarase que existen circunstancias de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego cando se creen novos postos de traballo.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as, así como canta documentación lle poida ser requirida polo concello de Silleda de cara a comprobación do mantemento das circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da respectiva bonificación.

Para poder gozar da bonificación prevista neste apartado, o suxeito pasivo beneficiario deberá estar ao corrente no pagamento das súas débedas coa Facenda Estatal, Autonómica e local así como nas cotas correspondentes á Seguridade Social.

Corresponde ao pleno do concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego así como o outorgamento das ditas bonificacións, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.”

Engádesse un apartado sexto ao artigo 4 relativo ás “Bonificacións”:

“6. As bonificacións establecidas neste artigo non serán compatibles entre si nin acumulables.”

1.2.—MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 4, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE).

O artigo 4 quedaría redactado como segue a continuación:

“Os suxeitos pasivos terán dereito ás bonificacións previstas no artigo 88.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En particular, establécese unha bonificación da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha



nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego. As porcentaxes de bonificacións son as seguintes:

- Dun 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Dun 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Dun 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

As anteriores bonificacións manteranse durante tres exercicios orzamentarios e se concederán a petición do interesado, unha vez acredite que se cumpren as condicións requiridas para ser beneficiario das mesmas. As devanditas bonificacións quedarán sen efecto de non cumprirse as condicións por razón das cales se concederon as mesmas.

Considerarase que existen circunstancias de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego cando se creen novos postos de traballo.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as, así como canta documentación lle poida ser requirida polo concello de Silleda de cara a comprobación do mantemento das circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da respectiva bonificación.

Para poder gozar da bonificación prevista neste apartado, o suxeito pasivo beneficiario deberá estar ao corrente no pagamento das súas débedas coa Facenda Estatal, Autonómica e local así como nas cotas correspondentes á Seguridade Social.

Corresponde ao pleno do concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego así como o outorgamento das ditas bonificacións, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.”

As bonificacións establecidas neste artigo non serán compatibles entre si nin acumulables.”

1.3.—MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 3, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO).

O apartado cuarto do artigo 6 quedaría redactado como segue a continuación:

“4. Establécese unha bonificación da cota correspondente para as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2.a) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego. As porcentaxes de bonificacións son as seguintes:

- Dun 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Dun 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Dun 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.



As anteriores bonificacións manteranse durante tres exercicios orzamentarios e se concederán a petición do interesado, unha vez acredite que se cumpren as condicións requiridas para ser beneficiario das mesmas. As devanditas bonificacións quedarán sen efecto de non cumprirse as condicións por razón das cales se concederon as mesmas.

Considerarase que existen circunstancias de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego cando se creen novos postos de traballo.

No caso de que a creación de novos postos de traballo non poda xustificarse no momento da concesión da licenza, xustificarse dende o momento da alta da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas e nun prazo máximo de seis meses.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as, así como canta documentación lle poida ser requirida polo concello de Silleda de cara a comprobación do mantemento das circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da respectiva bonificación.

Para poder gozar da bonificación prevista neste apartado, o suxeito pasivo beneficiario deberá estar ao corrente no pagamento das súas débedas coa Facenda Estatal, Autonómica e local así como nas cotas correspondentes á Seguridade Social.

Corresponde ao pleno do concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego así como o outorgamento das ditas bonificacións, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A petición das bonificacións contempladas nos diferentes apartados terá carácter rogado e deberá ser solicitada polo contribuínte con carácter previo á práctica da liquidación do imposto e comprenderá exclusivamente a parte da obra que teña por finalidade directa a adaptación do edificio á accesibilidade de discapacitados.

A acreditación destes requisitos efectuarase polo técnico director da obra.

As bonificacións establecidas neste artigo non serán compatibles entre si nin acumulables

A aprobación das anteriores bonificacións será acordada polo Pleno da Corporación.

O pedimento das bonificacións deben facerse no momento de solicitar a oportuna licenza, isto é, coa iniciación do procedemento polo suxeito pasivo.”

Engádesse un apartado quinto ao artigo 6 relativo ás “Bonificacións”:

“5. As bonificacións establecidas neste artigo non serán compatibles entre si nin acumulables.”



2. APROBACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO PROGRAMA LÚDICO EDUCATIVO DE CENTROS DE ENSINO FÓRA DO HORARIO LECTIVO.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO PROGRAMA LÚDICO EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS DE ENSINO FÓRA DO HORARIO LECTIVO

ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E REXIME

No uso da facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 17, e 20 e seguintes do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais aprobada por RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Silleda establece as taxas pola prestación do Servizo do Programa Lúdico Educativo de apertura de Centros de Ensino fóra do horario lectivo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo do Programa Lúdico Educativo de Apertura de Centros de Ensino fóra do horario lectivo. Con este Programa desenvolveranse actividades dirixidas aos menores dentro dun entorno socio-educativo onde se apoia a conciliación de traballo, familia e formación, permite a utilización das instalacións educativas como recursos para a realización de actividades que consisten en:

- O programa "Esperta conosco" que basicamente ten un labor de conciliación a realizar polo Concello de 8:00 á 9:00 horas, nos Colexios Públicos do Concello de Silleda, sempre que se acade matrícula suficiente, dirixido a nenos e nenas de Educación Infantil e Primaria, onde poden ademais gozar do servizo de almorzo.
- O programa "Espazo divertido" e de 15:00 á 21:00 horas, está dirixido tamén a cativos e cativas de Educación Infantil e Primaria. De luns a venres no CEIP de Silleda, e de acadarse a matrícula suficiente, no CEIP Ramón de Valenzuela de Bandeira. No programa realizaranse distintas actividades dirixidas ao desenvolvemento intelectual, persoal, social e cultural dos nenos.
- Campamentos de Nadal e Verán terán lugar nos espazos mencionados no parágrafo anterior, sempre que haxa matrícula suficiente.

ARTIGO 3º.—SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas que resulten beneficiadas ou afectadas pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito imponible desta taxa.

2. Tendo en conta que os usuarios do servizo gravado por esta taxa son menores de idade que non teñen capacidade de obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na Lei Xeral Tributaria, os seus pais, titores ou calquera outro representante legal.



ARTIGO 4º.—RESPONSABLES

Responderán solidariamente das obrigas tributarías do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA

1. A cota tributaria virá determinada pola aplicación das tarifas máximas fixadas neste artigo e, tendo en conta, no seu caso, os coeficientes redutores que se establecen no artigo seguinte, atendendo a criterios xenéricos de capacidade económica.

TARIFAS

<i>Renda per cápita mensual</i>	<i>ESPERTA CONOSCO</i>	<i>ESPAZO DIVERTIDO</i>	<i>CAMPAMENTO NADAL</i>	<i>CAMPAMENTO VERÁN</i>
Inferior a 120,20 €	5€	10€	15€	30€
De 120,21 á 180,30 €	12€	22€	20€	45€
De 180,31€ a 240,40€	20€	45€	25€	60€
De 240,41 á 330,56 €	28€	70€	30€	75€
Máis de 330,56 €	32€	90€	40€	90€

No campamento de verán, no suposto de que se opte por quincenas, ou por opción de mañá ou tarde as taxas a pagar serán as seguintes:

QUENDA	PORCENTAXE A PAGAR
Mes completo	100%
Quincena	55%
Mañá	60% (do mes ou quincena)
Tarde	60% (do mes ou quincena)

2. Enténdese por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar, o cociente resultante de dividir entre 12 a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Defínese a unidade familiar como a formada polos cónxuxes non separados legalmente e, no seu caso, os fillos e as fillas menores con excepción des que, con consentimento dos pais, vivan independentes destes e os fillos maiores de idade e menores de 26 anos e os incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada ou os así declarados pola administración autonómica competente.

Nos casos de separación legal ou cando non existe o vínculo matrimonial a unidade familiar estará formada polo pai ou a nai e tódolos fillos e fillas que convivan con un ou outro e reúnan os requisitos descritos no parágrafo anterior.



A determinación dos membros da unidade familiar farase atendendo á situación existente a 31 de decembro de cada ano, revisándose as condicións económicas dos solicitantes a data 31 de xullo do ano en curso.

ARTIGO 6º REDUCIÓNS

1. Segundo as circunstancias da unidade familiar, das cotas resultantes de aplicar as tarifas establecidas no Artigo 5º desta ordenanza, realizaranse os seguintes descontos:

- a) Se un neno non almorza pagará o 75 % de “Esperta connosco”.
- b) 20% no caso de nenos/as que pertencen á unidade familiar monoparental.
- c) 25 % no caso de asistencia do segundo irmán ás mesmas actividades, 50% no terceiro irmán e os seguintes irmáns quedarán exentos.
- d) Se un neno acude ás dúas actividades, descontaráselle o 50 % do “Esperta connosco”. o desconto chegará ata un 75% se o neno non toma o almorzo.
- e) Os anteriores descontos, cando se dean nunha mesma persoa, serán acumulables.

2. No suposto de nenos/as que soliciten ingreso na do Programa Lúdico Educativo de Apertura de Centros de Ensino fora do horario lectivo e non estean empadroados, abonarán o custo total do servizo, sen aplicar as reducións previstas.

ARTIGO 7º.—PERÍODO IMPOSITIVO E RETRIBUCIÓN

1. O período impositivo coincide co mes natural de presentación de servizos. A cota tributaria resultante da aplicación dos dous preceptos anteriores non poderá reducirse aínda cando a prestación do servizo non teña lugar durante todo o mes natural.

No Campamento de Verán o período impositivo será quincenal.

2.—A taxa retribúese co inicio do mes natural, agás nos casos de incorporación ó servizo con posterioridade a tal data, no que se retribuirá a taxa coa correspondente alta.

ARTIGO 8º.—XESTIÓN E RECADACIÓN DA TAXA

1.—A liquidación da cota tributaria practícarase por meses naturais e deberanas aboar os interesados nos dez primeiros días de cada mes, na entidade ou entidades financeiras que indique o Concello. En calquera momento o suxeito pasivo terá a posibilidade de domiciliar os recibos.

2.—A falta de asistencia do usuario ao centro durante un período determinado non supón redución ningunha, nin extinción de tarifa, mentres non se formalice a baixa correspondente.



Luns, 25 de xuño de 2018

Núm. 121

*ARTIGO N° 9.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN*S

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e a desenvolvan.

ARTIGO N° 10.—DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA

A acreditación da situación de familia monoparental poderá realizarse mediante sentenza de separación/divorcio, certificado de defunción, resolución xudicial de situación de violencia, libro de familia, ou carné de familia monoparental.

A acreditación da renda poderá realizarse mediante aportación da declaración da renda. No caso de non estar obrigados á presentación da mesma poderá realizarse mediante nóminas, certificado de empresa, certificado de pensións ou calquera outro documento que os avale unido á declaración xurada de non percibir outros ingresos.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nesta ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente e publicada no Boletín oficial da Provincia, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación

Silleda, 14 de junio de 2018

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo. Manuel Cuiña Fernández

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml>
Código seguro de verificación:2LXL110NNRWM5QB

